

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Lista definitiva persoas admitidas-excluídas, composición tribunal, lugar, día e hora do comezo do proceso selección para cobertura, persoal laboral fixo, dunha praza de axente desenvolvemento local (estabilización emprego temporal)

ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000044

Mediante o Decreto 2116/2023, do 3 de outubro, do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, a composición do tribunal e a determinación do lugar, día e hora do comezo do proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de persoal laboral fixo de Axente de Desenvolvemento Local, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobado a relación definitiva de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de Axente de Desenvolvemento Local, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo A2, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE
1	Sanz Giles, María Erika	***8574**	Sí

b) Persoas aspirantes excluídas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Rejes Canoura, Isabel	***9463**	Si	- Non acredita a condición legal de discapacidade segundo establece a base 4.1 e 5.2g) - das bases específicas	- O certificado de servizos prestados no Concello de Lugo aportado non acredita a totalidade do período alegado na relación de méritos (Anexo I)

2º) O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Designar as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario ou laboral fixo deste concello, para integrar o órgano de selección na condición que en cada caso se indica:

– Presidencia:

Titular: Matilde Montserrat González Rivera, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A1)

Suplente: Celia María Freire Vega, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A2)

– Vogalías:

1.ª):

Titular: José Sanjurjo Paz, funcionario do subgrupo A2

Suplente: José Manuel Cabarcos Anca, funcionario do subgrupo A1

2.^a):

Titular: Ana Isabel Alonso López, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A2)

Suplente: Eva Bergantiños Pérez, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A1)

3.^a):

Titular: Carlos Alberto Domínguez Adegá, funcionario do subgrupo A1

Suplente: Julia Guerreiro Rodríguez, funcionaria do subgrupo A2

– Secretaría:

Titular: Ana María Barba Pazos, funcionaria do subgrupo A2

Suplente: Susana Bellas Bermúdez, funcionaria do subgrupo A2

4º) Fixar lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización da fase de concurso, nos seguintes termos:

a) Día: 18 de outubro de 2023

b) Lugar: Casa do Concello

c) Constitución do tribunal: 09:00 horas

d) Valoración da fase de concurso: 09:30 horas

e) Convocar ás persoas integrantes do órgano de selección para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados.

5º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria.

6º) Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a concellaría delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, de acordo coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estimen oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.”

As Pontes de García Rodríguez, 4 de outubro de 2023

O concelleiro-delegado de Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román

2023/7909